

**ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)  
CELEBRADA O DÍA 05/04/2021**

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS Asistentes

-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA  
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES  
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO  
-DONA SONIA OUTÓN CASAL  
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO  
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ  
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA  
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA  
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO  
-DONA MATILDE LAYA LORENZO  
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN  
-D. MANUEL MÉNDEZ VARELA  
-D. JUAN MARCOS ALCALDE VÁZQUEZ  
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ  
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO  
-DONA LUCÍA CÉSAR VELOSO  
-D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ  
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

Lista de non asistentes

DONA M.<sup>a</sup> DE LA O FERNÁNDEZ GONZÁLEZ

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 10:00 do día 05/04/2021, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Extraordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Exame e toma de decisión sobre a reclamación presentada ao orzamento xeral do Concello e da FPSDM para o exercicio 2021, por Dona Lourdes Pedrazuela Bea, en representación de Unión Sindical Obrera (USO), e aprobación definitiva, se procede, do Orzamento Xeral citado.

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Ricardo Lages Vázquez utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

**1.- EXAME E TOMA DE DECISIÓN SOBRE A RECLAMACIÓN PRESENTADA AO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO E DA FPSDM PARA O EXERCICIO 2021, POR DONA LOURDES PEDRAZUELA BEA, EN REPRESENTACIÓN DE UNIÓN SINDICAL OBRERA (USO), E APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO XERAL CITADO.** Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 5 de abril de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta do escrito presentado por Dona Lourdes pedrazuela Bea, en representación de Unión Sindical Obrera (USO) de alegacións á aprobación inicial do Orzamento Municipal para o exercicio 2021.

Dáse conta do informe xurídico emitido, do teor literal seguinte:

INFORME ALEGACIÓNS APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO 2021.

ASUNTO: Alegacións presentadas contra o acordo plenario de aprobación inicial dos Orzamentos 2021, có Cadro de Persoal e Relación de Postos de Traballo, presentado pola Unión Sindical Obrera USO en data 24/3/2021.

CONSIDERACIÓN XURÍDICAS:

PRIMEIRO: A proposta de Alcaldía xunto co cadro de Persoal e Relación de Postos de Traballo foi obxecto de negociación colectiva nas xuntanzas de Mesa de Negociación onxunta para persoal funcionario e laboral acadando acordo sobre dita proposta e a súa documentación

adxunta.

O artigo 37 do EBEP establece que cando as decisións das Administracións Públicas afecten as súas potestades de organización teñan repercusión sobre condicións de traballo dos funcionarios públicos procederá a negociación de ditas condicións coas organizacións sindicais nos termos e coa lexitimación e composición dos órganos de negociación establecidos no propio TREBEP.

SEGUNDO: A Mesa Xeral de Negociación constituída no Concello de Vilagarcía de Arousa para o persoal funcionario e para o persoal laboral axustou a súa composición e adopción de cordos ao previsto no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público.

“Artículo 35. Constitución y composición de las Mesas de Negociación.

1. Las Mesas a que se refieren los artículos 34, 36.3 y disposición adicional duodécima de este Estatuto quedarán válidamente constituidas cuando, además de la representación de la Administración correspondiente, y sin perjuicio del derecho de todas las organizaciones sindicales legitimadas a participar en ellas en proporción a su representatividad, tales organizaciones sindicales representen, como mínimo, la mayoría absoluta de los miembros de los órganos unitarios de representación en el ámbito de que se trate.

Artículo 36. Mesas Generales de Negociación.

“...Son de aplicación a estas Mesas Generales los criterios establecidos en el apartado anterior sobre representación de las organizaciones sindicales en la Mesa General de Negociación de las Administraciones Públicas, tomando en consideración en cada caso los resultados obtenidos en las elecciones a los órganos de representación del personal funcionario y laboral del correspondiente ámbito de representación.

Además, también estarán presentes en estas Mesas Generales, las organizaciones sindicales que formen parte de la Mesa General de Negociación de las Administraciones Públicas siempre que hubieran obtenido el 10 por 100 de los representantes a personal funcionario o personal laboral en el ámbito correspondiente a la Mesa de que se trate.”

Sen que conste que a organización sindical que presenta a alegación a aprobación inicial do orzamento 2021 teña lexitimación para participar como membro pola parte sindical en dita Mesa Xeral de Negociación Conxunta.

TERCEIRO: En atención ao contido da alegación resulta que non se cuestiona ningunha disposición ni ningún contido concreto do expediente de aprobación do Orzamento 2021 comprensivo da Relación de Postos de Traballo e Cadro de Persoal, senón que se trata propiamente de propostas sindicais para a ampliación da Oferta de Emprego Público 2021 que no seu día de aprobe, e o acordo dun procedemento especial de funcionalización e a aprobar outro procedemento especial de consolidación de emprego temporal. Ditas manifestacións xon propostas de negociación colectiva xenéricas e respecto das cales non se argumenta nin se refire a ningunha situación concreta relativa ao Concello de Vilagarcía de Arousa. E que no seu caso sí procederá someter precisamente a negociación colectiva a través da Mesa de Negociación coa composición legalmente prevista.

Por todo elo procede informar que:

PRIMEIRO: Da información que conta no expediente se ten procedido a negociación colectiva legalmente prevista, acadando acordo unánime do Comité de Empresa e organización sindicais legalmente lexitimadas para participar no órgano negociado da Mesa Xeral Conxunta de Negociación.

SEGUNDO: O escrito de alegacións do Sindicato USO contra a aprobación inicial do orzamento 2021 non cuestiona ningún apartado de dito expediente, consistindo en peticións xenéricas propias de negociación colectiva solicitando que se acorde poñer en marcha instrumentos de xestión de persoal non contemplados propiamente nun expediente orzamentario, como son a OEP, procesos de funcionalización ou consolidación de emprego temporal.

TERCEIRO: As solicitudes ou peticións do Sindicato USO con contrarias aos acordos acadados por unanimidade no órgano legalmente previsto para a negociación colectiva, a Mesa Xeral de Negociación conxunta, e respecto da cal o sindicato USO nin acredita ni ten solicitado participar nela.

En consecuencia procedería desestimar a alegación presentada.

Todo o cal se informa sen prexuízo doutra opinión mellor fundada en dereito.

En Vilagarcía de Arousa a 26 de marzo de 2021.

O Técnico de RRHH  
D Manuel Franco Leis

A Secretaria Xeral  
Dña Rosa Losada Suárez

Dáse conta da Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

Visto que segundo o procedemento legalmente establecido para a aprobación do Orzamento Municipal 2021, o acordo plenario de aprobación inicial foi obxecto de exposición ao público rematando o prazo de exposición o pasado 26 de marzo de correntes.

Visto que contra dito acordo de aprobación inicial, e segundo consta no certificado de exposición, presentáronse as seguintes alegacións:

INTERESADO/A	CIF	DATA DE PRESENTACION	MOTIVO
FEDERACIÓN DE EMPLEADOS PÚBLICOS - U.S.O.	V83365445	24/03/2021	Alegacións contra o cadro de persoal e RPT

Visto o informe da Secretaria e do Técnico do Departamento de RRHH onde en síntese vense a establecer: "(...) que se ten procedido á negociación colectiva legalmente prevista(...); que o escrito de alegacións consiste en peticións xenéricas propias da fase de negociación colectiva(...); que as solicitudes do sindicato son contrarios aos acordos acadados por unanimidade no órgano legalmente previsto para a negociación colectiva, a Mesa Xeral de Negociación conxunta (...)".

En base ao exposto propoño ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

**1** Desestimar as alegacións presentadas por FEDERACIÓN DE EMPLEADOS PÚBLICOS USO, có CIF V83365445 contra o cadro de persoal e a RPT do Orzamento Municipal 2021 en base os fundamentos de dereito recollidos no informe técnico do Departamento de RR.HH e Secretaria

**2** A aprobación definitiva do Orzamento Municipal Consolidado para o exercicio 2021 que ascende a 31.389.955,00 euros no Estado de Ingresos e 31.389.955,00 euros no Estado de Gastos, e que engade una operación de préstamo a longo prazo por importe de 3.500.000,00€.

**3** Aprobación do Teito de Gasto non Financeiro para o exercicio 2021, que ascende en termos consolidados a 27.798.895,00€.

**4** Aprobar o Cadro de Persoal (Plantilla) e a Relación de Postos de Traballo deste Concello, coas súas retribucións para o ano 2021, que se unen como anexo a esta proposta e na que figuran as modificacións expostas, así como a modificación da asignación das funcións de xefatura de Servizo de Persoal e RRHH ao actual posto de Técnico de RRHH, que será efectiva coa entrada en vigor do orzamento municipal de 2021.

**5** Autorizar a inclusión da Oferta de Emprego Público para o ano 2021 das seguintes prazas no cadro de persoal municipal:

- 1 Praza de Técnico Medio de Normalización Lingüística Subgrupo A2 (OEP 2021)
- 1 Praza de Técnico Administración Xeral Subgrupo A1 (OEP 2021).
- 1 Praza de Traballador/a Social Subgrupo A2 (OEP 2021)

**6** Acordar a reserva para a quenda de promoción interna de:

- 2 Prazas de Técnico Medio de Administración Xeral (Grupo A/Subgrupo A2).
- 3 Prazas de Técnico Medio de Administración Especial (Grupo A/ Subgrupo A2).
- 1 Praza de Administrativo de Administración Xeral.
- 1 praza de Oficial Medioambiente. (Encargado do servizo).
- 2 prazas de Oficial electricista.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica

O Alcalde,

Asdo.:Alberto Varela Paz

Sinatura dixitalizada

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente a desestimación da alegación e a aprobación do orzamento municipal.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común e

Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase desfavorablemente a alegación presentada e favorablemente a aprobación definitiva do orzamento municipal.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

**VOTACIÓN.-** Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ó grupo político municipal do PSG-PSOE (12), e 8 abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (5), BNG (1), Vilagarcía en Común (1) e Ciudadanos (1)

**ACÓRDASE:** Por maioría:

**1** Desestimar as alegacións presentadas por FEDERACIÓN DE EMPLEADOS PÚBLICOS USO, có CIF V83365445 contra o cadro de persoal e a RPT do Orzamento Municipal 2021 en base os fundamentos de dereito recollidos no informe do Técnico do Departamento de RR.HH e Secretaria

**2** A aprobación definitiva do Orzamento Municipal Consolidado para o exercicio 2021 que ascende a 31.389.955,00 euros no Estado de Ingresos e 31.389.955,00 euros no Estado de Gastos, e que engade una operación de préstamo a longo prazo por importe de 3.500.000,00€.

**3** Aprobación do Teito de Gasto non Financeiro para o exercicio 2021, que ascende en termos consolidados a 27.798.895,00€.

**4** Aprobar o Cadro de Persoal (Plantilla) e a Relación de Postos de Traballo deste Concello, coas súas retribucións para o ano 2021, que se unen como anexo a esta proposta e na que figuran as modificacións expostas, así como a modificación da asignación das funcións de xefatura de Servizo de Persoal e RRHH ao actual posto de Técnico de RRHH, que será efectiva coa entrada en vigor do orzamento municipal de 2021.

**5** Autorizar a inclusión da Oferta de Emprego Público para o ano 2021 das seguintes prazas no cadro de persoal municipal:

- 1 Praza de Técnico Medio de Normalización Lingüística Subgrupo A2 (OEP 2021)
- 1 Praza de Técnico Administración Xeral Subgrupo A1 (OEP 2021).
- 1 Praza de Traballador/a Social Subgrupo A2 (OEP 2021)

**6** Acordar a reserva para a quenda de promoción interna de:

- 2 Prazas de Técnico Medio de Administración Xeral (Grupo A/Subgrupo A2).
- 3 Prazas de Técnico Medio de Administración Especial (Grupo A/ Subgrupo A2).
- 1 Praza de Administrativo de Administración Xeral.
- 1 praza de Oficial Medioambiente. (Encargado do servizo).
- 2 prazas de Oficial electricista.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20210405&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

E sen máis asuntos que tratar, ás 10:15, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.